




Colexio Plurilingüe San José Ourense

PLAN DE IGUALDADE



**COLEXIO PLURILINGÜE SAN JOSÉ
- MM. JOSEFINAS -
OURENSE**



TÁBOA DE CONTIDOS

1. INTRODUCCIÓN	2
2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO	4
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTifobia.	5
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN.....	6
5. MEDIDAS DE ACTUACIÓN	8
6. AVALIACIÓN	12



1. INTRODUCCIÓN

Somos conscientes, como comunidade educativa inserida e comprometida na sociedade actual, que é preciso introducir prácticas educativas encamiñadas a promover cambios nas relacións de xénero que permitan corrixir estereotipos sexistas e condutas discriminatorias as cales axuden a construír relacións entre os sexos baseadas no respecto e corresponsabilidade, sendo este plan o instrumento no que se senten as bases para integrar a igualdade efectiva de mulleres e homes e consolidar a coeducación na práctica pedagóxica no colexio San José.

Educación significa promover o desenvolvemento integral das persoas, por iso resulta necesario crear as condicións necesarias para potenciar as aprendizaxes que valoren e enriquezan a diversidade dando continuidade ao legado da nosa fundadora, Santa Bonifacia, de educar en liberdade e igualdade.

A coeducación é un dos obxectivos fundamentais do noso proxecto educativo porque isto significa traballar arreo para acadar o desenvolvemento integral das persoas. Desexamos que o noso alumnado estea aberto aos cambios da sociedade e, por isto, pretendemos educalos en liberdade, xustiza e nos valores morais, éticos e relixiosos, fomentando o respecto polas liberdades e diferenzas individuais e colectivas dentro dos principios democráticos de convivencia.

O desenvolvemento deste Plan de Igualdade no colexio San José de Ourense é responsabilidade de toda a comunidade educativa e a súa elaboración e inclusión no proxecto educativo corresponde ao equipo directivo, coa participación do claustro, da persoa coordinadora en materia de igualdade, coeducación e prevención da violencia de xénero e en coordinación co departamento de Orientación. Corresponde ao claustro e consello escolar a súa probación, revisión e avaliación.


Os principios nos que se basea o noso plan son:

1. Transversalidade: supón a inclusión da perspectiva de xénero nas actuacións globais de centro.



2. Visibilidade: incorporando as medidas e actuacións concretas que poñen énfase na necesidade de visibilizar ás mulleres a través da linguaxe escrita e oral: a través dos diferentes documentos do centro, páxina web, actividades, documentación de centro, recursos para profesorado, alumnado e familias.
3. Inclusión: as medidas e actuacións educativas van dirixidas a toda a comunidade educativa (alumnado, familias, profesorado e PAS), porque educar en igualdade entre homes e mulleres require unha intervención tanto sobre uns coma sobre outros para corraxir as desigualdades tradicionais.
4. Sociedade igualitaria: a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.
5. Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”: é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total erradicación.

DIVERSIDADE



IGUALDADE



2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

NORMATIVA ESTATAL

- Constitución española de 1978
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

NORMATIVA AUTONÓMICA

- Lei orgánica 6/1981, do 6 de abril, de estatuto de autonomía para Galicia
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.



- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.


3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIfobia.

En pleno corazón das Burgas, na rúa Progreso 24, atópase o Colexio Plurilingüe San José, un centro de educación concertado relixioso católico ao servizo da sociedade. Situámonos neste novo milenio coa conciencia clara de recrear o CARISMA dos nosos fundadores: SANTA BONIFACIA e o PAI BUTIÑÁ a través do ensino. Foi, precisamente, Bonifacia Rodríguez Castro quen loitou en pleno s.XIX pola dignidade da muller traballadora inspirando o noso proxecto educativo institucional.

No noso centro traballan 51 persoas das cales 34 son mulleres (67%) e 17 son homes (33%). O consello escolar está constituído por 7 mulleres (47%) e 8 homes (53%) e o equipo directivo confórmao 5 mulleres (56%) e 4 homes (44%).

Está nomeada a persoa, membro do consello escolar, que impulse e leve a cabo o seguimento de medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

Temos avanzado moito en materia do coidado da linguaxe na documentación do centro, así como nos espazos coeducativos ou na selección de materiais e recursos. O claustro e PAS participa activamente da convivencia e de velar pola igualdade das nenas e dos nenos. O noso plan de acción tutorial vén recollendo, dende hai varios cursos, temas como: violencia de xénero, a igualdade entre homes e mulleres e a educación afectivo-sexual entre outros. Aínda así somos conscientes da marxe de mellora que esperamos acadar no futuro mediante a aplicación deste plan.





4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN.

A NIVEL FAMILIAS

- Favorecer a presenza e participación de familias do noso alumnado.
- Sensibilizar sobre a importancia da igualdade entre nenos e nenas.

A NIVEL CENTRO


- Promover a formación en coeducación, prevención de violencia de xénero e igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Seleccionar libros de texto, materiais educativos, lecturas, etc., que defendan criterios de igualdade e non discriminación.
- Potenciar o uso da linguaxe non sexista entre a comunidade educativa.
- Establecer vías de colaboración con persoas e institucións que promovan a igualdade de oportunidades.
- Fomentar o respecto ás diferentes identidades afectivo-sexuais.

A NIVEL ALUMNADO

- Traballar a eliminación dos estereotipos a través das diferentes unidades didácticas.
- Favorecer a relación de amizade e de cooperación entre iguais evitando exclusións.
- Potenciar o xogo simbólico entre todo o alumnado, sen facer discriminacións de ningún tipo.
- Enriquecer as bibliotecas das aulas con libros que orienten ao alumnado cara a igualdade, e tamén dar a coñecer a través de contos, a historia de mulleres importantes.



- ☒ Fomentar a coeducación como un valor transversal nas actividades realizadas na aula.
- ☒ Tomar conciencia dos valores sexistas presentes nos medios de comunicación, publicidade, música, cinema, literatura, etc.
- ☒ Educar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- ☒ Previr, detectar e intervir en casos de violencia de xénero.
- ☒ Promover o respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- ☒ Previr, detectar e intervir en casos de LGBTI-fobia.





5. MEDIDAS DE ACTUACIÓN

A coeducación, a igualdade e a non violencia é un traballo de todas e todos, polo que o enfoque metodolóxico deste Plan de Igualdade é globalizador, traballando en todo momento pola igualdade e o rexeitamento á discriminación por cuestión de sexo. Traballaremos estes obxectivos inseridos nas competencias clave e desenvolveremos actividades ao longo do curso, activas e participativas, encamiñadas cara a adquisición dunha aprendizaxe significativa partindo do máis inmediato e local (experiencias do alumnado, contorna próxima, o seu fogar, a súa cidade, etc.) ata o máis global.

FAMILIAS

- ✓ Fomentar a participación activa das familias nas actividades recollidas neste plan.
- ✓ Realización de dinámicas de sensibilización nas reunións mantidas coas familias sobre a importancia da igualdade entre nenas e nenos.

CENTRO

- ✓ Creación dun banco de recursos específicos que fomenten a igualdade entre nenas e nenos.
- ✓ Revisión das programacións e materiais didácticos desde unha perspectiva de xénero.
- ✓ Emprego dunha linguaxe inclusiva e igualitaria en todas as actividades do centro.
- ✓ Colaboración con persoas e/ou entidades na realización de actividades coeducativas.
- ✓ Realización de dinámicas que fomenten o respecto, a diversidade sexual e de xénero.



INFANTIL

- ✓ Empregar unha linguaxe inclusiva tanto nas asembleas coma nas diferentes unidades didácticas.
- ✓ Traballar cooperativamente na realización de actividades que favorezan a igualdade evitando a competitividade ou rivalidade.
- ✓ Empregar o material da aula: xoguetes, xogos, puzzles, etc., sen discriminación de xénero.
- ✓ Realizar lectura de contos que fomenten tanto a igualdade como a importancia da muller.

PRIMARIA

- ✓ Uso de metodoloxías activas, participativas e cooperativas.
- ✓ Uso de lecturas coeducativas na aula e na biblioteca de centro.
- ✓ Coidar a idoneidade dos materiais audiovisuais que empregamos no centro.
- ✓ Falamos sobre os xoguetes e o sexismo dos mesmos.
- ✓ Marcapáxinas cun debuxo ou lema alusivo ao tema.
- ✓ Coloquio sobre a violencia de xénero.
- ✓ Analizar refráns e coplas desde un punto de vista da linguaxe non sexista.
- ✓ Análise sobre os distintos tipos de violencia.
- ✓ Elaborar unha lista de accións concretas que podo facer eu para terminar coa violencia.
- ✓ Mural sobre traballo igualitario: exposición de fotografías de homes e mulleres realizando tarefas que adoitaban estar asociadas a determinados sexos.
- ✓ Mural con fotografías das súas nais cunha breve descrición delas.
- ✓ Realización de debates dirixidos sobre problemáticas sociais relacionadas coa coeducación, roles e estereotipos sexuais.
- ✓ Visionado de curtos que transmitan valores de igualdade.



SECUNDARIA

- ✓ Na celebración do día da Muller:
 - Ler texto significativo e debater na hora lectora.
 - Participar no concurso de carteis de promoción do día da Muller traballadora.
- ✓ Realización dun proxecto sobre as xornadas vocacionais.
- ✓ Celebración do Día da Fundadora desde a perspectiva de xénero.
- ✓ Procurar o equilibrio de sexos na formación dos grupos de alumnado e de traballo académico.
- ✓ Realización dun debate sobre a violencia de xénero dentro da hora lectora.
- ✓ Desenvolver accións recollidas no plan titorial: charlas sobre educación afectivo-sexual, violencia de xénero, igualdade, etc.
- ✓ Recomendar dentro do proxecto lector, lecturas que aborden este tema.
- ✓ Potenciación e coidado no uso da linguaxe non sexista: atender as manifestacións orais, escritas, etc., que poida facer o alumnado.

Cóeducación





EFEMERIDES PARA TODO O CENTRO

- **Novembro** Día contra a violencia xénero.
- **Decembro** Día da discapacidade.
- **Xaneiro** Día da Paz.
- **Marzo** Día da muller.
- **Abril** Día do libro.
- **Xuño** Santa Bonifacia.





6. AVALIACIÓN

Para acadar os obxectivos propostos e desenvolver o plan, levarase a cabo unha avaliación continua que nos permita saber se os obxectivos e actividades propostas foron axeitados.

- ❖ Valoración da participación da comunidade educativa nas actividades propostas.
- ❖ Número de actividades propostas polos equipos, seminarios e departamentos e avaliación específica das mesmas nos equipos de traballo.
- ❖ Número do profesorado participante nas actividades.
- ❖ Observación da linguaxe da documentación de centro.
- ❖ Grao de implicación do alumnado nos días sinalados.
- ❖ Valorar se se emprega unha linguaxe integradora con ambos sexos e libre de prexuizos.
- ❖ Valorar se o ambiente favoreceu a expresión libre dos sentimentos.

A avaliación realizarase trimestralmente e recollerase na memoria final do curso.

